

**Rehabilitación integral da Avenida de Lugo**  
avaliación técnica do sobre C

B.1 Oferta económica ..... de 0 a 60 puntos.

A súa valoración efectuarase outorgando 60 puntos á oferta máis económica, obténdose as demais puntuacións mediante a fórmula:  $PEC = \text{oferta máis económica} \times 60 / \text{oferta licitador}$ .

Consonte ao reflectido no artigo 152.2 do TRLCSP, considerarase como inicialmente incursas en presunción de desproporción todas aquelas ofertas que supoñan unha baixa superior ao 12% respecto do tipo de licitación ou presuposto do contrato.

No caso de incorrer neste suposto actuarase de conformidade co establecido nos pregos. A xustificación que se presente, como mínimo, comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais, da man de obra, segundo o vixente convenio do sector e dos rendementos estimados para os equipos de maquinaria.

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal da oferta se atenderá especialmente a posibilidade técnica de execución das melloras ofertadas coa financiación de que se dispón ou oferta, acudindo para elo aos cálculos de custes de persoal e materiais tradicionais no mercado e as explicacións que puída dar o licitador incurso nesta presunción.

A Mesa de Contratación, de acordo co art. 22.1 f) do RD 817/2009, tramitará o procedemento sinalado e efectuará proposta de declaración como anormal ou desproporcionada, correspondendo a súa declaración como tal, e a súa exclusión de la licitación, ao órgano de contratación, de conformidade co art. 152 TRLCSP. O órgano de contratación declarará que a oferta no poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, cando o custo das variantes ou melloras sinaladas na oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio de ningún tipo coa execución do contrato. A efectos das súas valoracións, o órgano de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

As ofertas así declaradas serán excluídas da licitación, procedendo a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo co orden en que teñan sido clasificadas.

Do exame das ofertas presentadas cabe sinalar que as ofertas presentadas por Arias Hermanos e Orega atópanse neste suposto de presunción de proporcionalidade. Non obstante cabe sinalar tamén que a consideración ou non de desproporcionalidade destas ofertas non afecta ao resultado da licitación, porque incluso no caso de seren admitidas estas ofertas como válidas, en ningún caso estas dúas empresas acadarían a puntuación necesaria para ser adxudicatarias.

ECCASAS&CRESPO	1.096.902,98		60,00
XAC	1.096.902,97		60,00
ACCIONA	1.096.902,98		60,00
ORESA	1.096.902,97		60,00
ESPINA Y DELFIN	1.096.902,97		60,00
PROYECTA	1.096.902,97		60,00
ARIAS HERMANOS	1.096.856,76	* INCURSA EN DESPROPORCIONALIDADE	-
FCC	1.096.902,97		60,00
CIVISGLOBAL	1.096.903,72		60,00
CALDEVERGAZO	1.096.902,97		60,00
DRAGADOS	1.096.902,98		60,00
ANGEL JOVE	1.096.902,97		60,00
CARRAJO	1.096.902,97		60,00
OGMIOS	1.096.902,97		60,00
VIAS	1.096.902,97		60,00
COPCISA	1.096.902,97		60,00
CRC	1.096.902,97		60,00
ANTALSIS	1.096.902,98		60,00
ELSAMEX	1.096.902,97		60,00
RAMIREZ	1.096.902,97		60,00
EIRIÑA	1.096.902,97		60,00
NATURGALIA	1.096.902,97		60,00
HIDROMIÑO	1.096.903,72		60,00
AQUAGEST	1.096.902,97		60,00
ACPA&ALVAC	1.096.902,99		60,00
OREGA	928.877,38	* INCURSA EN DESPROPORCIONALIDADE	-
COVSA	1.096.902,97		60,00

B.2 Diminución do prazo de execución .....de 0 a 30 puntos.

Valorarase por regra de proporcionalidade inversa.

Os licitadores presentarán, ademais da documentación habitual (PERT, GANTT, ...), unha programación detallada dos traballos a realizar, en función dos medios que se destinen e dos seus procedementos de construción. Referirase, como mínimo, a orde en que se desenvolvan os distintos traballos e os equipos que se destinarán a cada un.

O plano de obras e programación dos traballos deberá gardar congruencia co prazo proposto, servindo para comprobar a viabilidade do mesmo.

Respecto da diminución do prazo de execución, consideraranse incursas en presunción de desproporcionalidade cando a oferta sexa igual ou inferior en máis de 1/3 a media dos prazos ofertados polos restantes concorrentes ou, no seu defecto, do prazo inicialmente previsto.

Segundo o disposto no apartado 9.7 do prego, no que respecta a la mellora dos prazos de execución das obras o de garantía, a súa consideración como temerarios ou non xustificadas non motivará a exclusión da propoñente por este único motivo, senón a súa elevación automática (ou diminución) ao prazo mínimo ou máximo admisible e a súa valoración en proporción.

Realizados os cálculos correspondentes, e que se detallan de seguido, compróbase que se atopan incursas en desproporcionalidade segundo este criterio as ofertas presentadas por Naturgalia e ECCASAS, con 105 e 110 días de prazo respectivamente.

En ámbolos dous casos, tras examinar a documentación incluída na oferta para xustificar dito prazo, e que xa no mesmo prego se advirte que esta servirá para comprobar a viabilidade do mesmo, se comproba que é inviable a execución da obra nos prazos propostos nas dúas ofertas de referencia, dado que se sustenta na execución da obra mediante rendementos de man de obra e maquinaria moi por riba dos mellores posíbeis en obras de estas características.

Para ilustrar o carácter claramente desproporcionado da redución de prazo proposta por ámbalas dúas empresas, acudírase a un exemplo de cada unha de elas, que sen ánimo de ser exhaustivo, amosan o carácter inviable do prazo proposto.

Así, por exemplo Naturgalia, na unidade de perfilado en caixa de pavimento, que ten como medición no proxecto 5930,33 m<sup>2</sup>, e partindo dos rendementos incluídos no prezo descomposto supón un tempo de execución de 59,3 h de motoniveladora e 59,3 h de compactador, a empresa propón executalo nun prazo de 10,32 h, e empregando medios menos adecuados, tales como é a retroescavadora proposta, o que o fai aínda máis desproporcionado, pois con estes medios se propón obter un rendemento de 574,6 m<sup>2</sup>/h o que semella de todo punto imposible.

No caso da UTE ECCASAS&CRESPO, preséntase unha situación semellante, con prazos de obra e rendementos imposíbeis de cumprir, baste como exemplo o caso da escavación en gabias para instalacións, no que no plan de obra presentado está previsto un movemento de 200 m<sup>3</sup>/día cun equipo formado por unha pa mixta, tres retroescavadoras e seis camións. É dicir, precisaríamos máis de dous viaxes por camión, algo máis de 57 cargas por retroescavadora (7 cargas por hora) e 71 da mixta (8,87 cargas por hora), o que é completamente imposible, dadas as características da obra, a necesidade de compatibilizar a obra co uso por parte dos cidadáns da rúa e as interferencias entre servizos xa preexistentes.

	prazo (días)	plan de obra		
ECCASAS&CRESPO	110	SI	* INCURSA EN DESPROPORCIONALIDADE	<b>10,58</b>
XAC	141	SI		<b>27,02</b>
ACCIONA	195	SI		<b>19,54</b>
ORESA	129	SI		<b>29,53</b>
ESPINA Y DELFIN	180	SI		<b>21,17</b>
PROYECTA	164	SI		<b>23,23</b>
ARIAS HERMANOS	240	SI		<b>15,88</b>
FCC	210	SI		<b>18,14</b>
CIVISGLOBAL	180	SI		<b>21,17</b>
CALDEVERGAZO	165	SI		<b>23,09</b>
DRAGADOS	150	SI		<b>25,40</b>
ANGEL JOVE	180	SI		<b>21,17</b>
CARRAJO	180	SI		<b>21,17</b>
OGMIOS	180	SI		<b>21,17</b>
VIAS	165	SI		<b>23,09</b>
COPCISA	130	SI		<b>29,31</b>
CRC	240	SI		<b>15,88</b>
ANTALSIS	180	SI		<b>21,17</b>
ELSAMEX	180	SI		<b>21,17</b>
RAMIREZ	130	SI		<b>29,31</b>
EIRIÑA	159	SI		<b>23,96</b>
NATURGALIA	105	SI	* INCURSA EN DESPROPORCIONALIDADE	<b>10,58</b>
HIDROMIÑO	240	SI		<b>15,88</b>
AQUAGEST	210	SI		<b>18,14</b>
ACPA&ALVAC	127	SI		<b>30,00</b>
OREGA	240	SI		<b>15,88</b>
COVSA	180	SI		<b>21,17</b>
prazo medio	174			
1/3 prazo medio	58			
oferta desproporcionada	116			

TOTAL PUNTUACION SOBRE C

	económica	prazo	TOTAL
ECCASAS&CRESPO	60,00	10,58	<b>70,58</b>
XAC	60,00	27,02	<b>87,02</b>
ACCIONA	60,00	19,54	<b>79,54</b>
ORESA	60,00	29,53	<b>89,53</b>
ESPINA Y DELFIN	60,00	21,17	<b>81,17</b>
PROYECTA	60,00	23,23	<b>83,23</b>
ARIAS HERMANOS	-	15,88	-
FCC	60,00	18,14	<b>78,14</b>
CIVISGLOBAL	60,00	21,17	<b>81,17</b>
CALDEVERGAZO	60,00	23,09	<b>83,09</b>
DRAGADOS	60,00	25,40	<b>85,40</b>
ANGEL JOVE	60,00	21,17	<b>81,17</b>
CARRAJO	60,00	21,17	<b>81,17</b>
OGMIOS	60,00	21,17	<b>81,17</b>
VIAS	60,00	23,09	<b>83,09</b>
COPCISA	60,00	29,31	<b>89,31</b>
CRC	60,00	15,88	<b>75,88</b>
ANTALSIS	60,00	21,17	<b>81,17</b>
ELSAMEX	60,00	21,17	<b>81,17</b>
RAMIREZ	60,00	29,31	<b>89,31</b>
EIRIÑA	60,00	23,96	<b>83,96</b>
NATURGALIA	60,00	10,58	<b>70,58</b>
HIDROMIÑO	60,00	15,88	<b>75,88</b>
AQUAGEST	60,00	18,14	<b>78,14</b>
ACPA&ALVAC	60,00	30,00	<b>90,00</b>
OREGA	-	15,88	-
COVSA	60,00	21,17	<b>81,17</b>

TOTAL PUNTUACION SOBRES B+C

	sobre B	sobre C	TOTAL
ECCASAS&CRESPO	2,82	70,58	73,40
XAC	3,85	87,02	90,87
ACCIONA	7,90	79,54	87,44
ORESA	2,89	89,53	92,42
ESPINA Y DELFIN	2,02	81,17	83,19
PROYECTA	0,00	83,23	83,23
ARIAS HERMANOS	2,26	-	-
FCC	1,38	78,14	79,52
CIVISGLOBAL	4,35	81,17	85,52
CALDEVERGAZO	3,05	83,09	86,14
DRAGADOS	2,17	85,40	87,57
ANGEL JOVE	0,00	81,17	81,17
CARRAJO	0,09	81,17	81,26
OGMIOS	3,31	81,17	84,48
VIAS	7,93	83,09	91,02
COPCISA	1,00	89,31	90,31
CRC	3,64	75,88	79,52
ANTALSIS	1,22	81,17	82,39
ELSAMEX	4,43	81,17	85,60
RAMIREZ	2,82	89,31	92,13
EIRIÑA	10,00	83,96	93,96
NATURGALIA	1,24	70,58	71,82
HIDROMIÑO	3,35	75,88	79,23
AQUAGEST	1,41	78,14	79,55
ACPA&ALVAC	2,26	90,00	92,26
OREGA	2,35	-	-
COVSA	3,63	81,17	84,80

Pontevedra 14 de novembro de 2013

O arquitecto xefe da OTA